



## AVALIACIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA

(O. 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato no sistema educativo de Galiza)

### PROMOCIÓN.

1. Ao finalizar os cursos **segundo, cuarto e sexto** da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. **A promoción no resto de cursos da etapa será automática.**
2. O alumno ou alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.

### CRITERIOS DE PROMOCIÓN PARA OS CURSOS 2º, 4º E 6º DE PRIMARIA.

O alumnado promocionará de curso nos seguintes casos:

- Se supera todas as áreas cursadas.
  - Cando teña cualificación negativa nalgunha área sempre que o equipo docente considere que a natureza das mesmas lle permite seguir con éxito o curso ou etapa seguinte por ter expectativas favorables de recuperación e a promoción beneficiará a súa evolución académica.
- 3.- O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara no curso anterior.
  - 4.- O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta medida considérase de carácter excepcional e adoptarase se tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender ao desfasamento curricular ou ás



dificultades de aprendizaxe do alumno/a, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Esta decisión só poderá adoptarse **unha vez durante a etapa**, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso **carácter excepcional**.

Neste caso o equipo docente organizará un **plan específico de reforzo**, para que durante ese curso, a alumna ou alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes. Para a súa elaboración e seguimento seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro que desenvolve o decreto que regula a atención á diversidade

5.- Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.